

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2007

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e sete de novembro de 2007, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, don Óscar Souto Muíño, enxeñeiro municipal.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión de data 23 de outubro de 2007

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 23 de outubro de 2007.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo solicita que na páxina 5, alínea sétima última liña, onde di “pasado ano, e díxoselles que se ía estudar,..... “, debe dicir, “pasado

ano, e foi unha decisión que xa estaba tomada de incorporar estas actividades ao programa de actividades sociais 2007-2008, e é polo que felicita á concelleira”.

Na páxina 34 solicita unha nova redacción da alínea segunda segundo se transcribe a continuación: “Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo formula a pregunta de se a noticia saiu de fontes municipais ou está orixinada no propio xornal, polo que, se non saiu de fontes municipais, debería mandarse unha aclaración ou rectificación”.

Non se formulan máis observacións, polo que a Comisión, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a acta de referencia, coas modificacións presentadas por don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.

2º Expediente de transferencia de crédito n.º 11/2007

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 20 de novembro de 2007 que se transcribe a continuación:

“Vista a necesidade de aumentar o crédito orzamentario en diversas partidas coma pasamos a expoñer, xa que cómpre facer carteos masivos aos veciños para comunicarlles entre outros, o novo número sinxelo da centraliña da Policía, para o que hai que aumentar a partida de publicidade e propaganda, así coma tamén de dotar dun panel de información municipal que engadir aos xa existentes e de mobiliario, vistas as reorganizacións e novas incorporacións dos últimos tempos.

Tamén cómpre aumentar a partida de actividades culturais, xa que o aumento da demanda destas actividades polos veciños obriga, para a súa execución a incrementar a partida adicada a elas.

O incremento dos prezos dos carburantes xunto co aumento do parque móvil e dos locais municipais (local de Servizos Sociais), fai imprescindible aumentar as partidas de combustible de calefacción e de vehículos.

Tamén é preciso aumentar as despesas de seguros, polo incremento nas primas, e os investimentos en infraestrutura urbana, vistas as pequenas obras que cómpre executar xa que a súa demora só conlevan ineficacia.

Vista a posibilidade de atender os aumentos dos créditos orzamentarios correspondentes aos devanditos gastos, dada a existencia de crédito nas partidas orzamentarias que reducen o seu importe, sen que se produza perturbación dos respectivos servizos co seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria		Crédito anterior	Transf. positivas	Transf. negativas	Crédito definitivo
Código	Denominación				
200.011.310	Xuros	230.820,67		23.000,00	207.820,67
200.121.22602	Publicidade e propaganda	71.000,00	30.000,00		101.000,00
200.121.625	Mobiliario e equipamento	50.000,00	50.000,00		100.000,00
400.451.22608	Actividades culturais	146.871,33	45.000,00		191.871,33
403.422.48901	Axudas comedores escolares	61.000,00		41.000,00	20.000,00
200.121.22103	Combustible calefacción	16.311,34	10.000,00		26.311,34
101.222.22103	Combustible vehículos	29.000,00	10.000,00		39.000,00
200.121.224	Primas de seguros	89.000,00	15.000,00		104.000,00
300.911.450	Plan Transporte Metropolitano	75.475,00		25.000,00	50.475,00
100.911.467	Consorcio As Mariñas	213.113,19		141.000,00	72.113,19
300.432.611	Investimentos en infraestrutura urbana	759.675,03	70.000,00		829.675,03
	Totais	1.742.266,56	230.000,00	230.000,00	1.742.266,56

Por todo isto, é polo que

PROPOÑO a tramitación, conforme ó disposto no artigo 40 do Real decreto 500/1990, dun expediente de transferencias de crédito por un importe total de 230.000,00 euros.”

Comeza a exposición don José Venancio Salcines Cristal manifestando que, de modo habitual, a finais de ano faise un expediente de transferencia de crédito motivado na existencia de partidas que están máis debilitadas. Neste suposto están as partidas de publicidade e propaganda; mobiliario e equipamento, isto sobre todo como consecuencia do mobiliario do SAC, tamén para adquirir o mobiliario destinado aos despachos dos grupos municipais; a de actividades culturais en canto hai un incremento en axudas escolares; la de combustibles de calefacción; combustible de vehículos e primas de seguros. Isto cúbrese con transferencias negativas nas partidas de intereses, axudas comedores escolares, plan de transporte metropolitano e Consorcio As Mariñas.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que lle chama a atención a transferencia negativa correspondente ao Consorcio As Mariñas.

A Sra. interventora responde que a previsión que se fixo polo Concello de Cambre é a que aprobou o Consorcio e hai pouco comunicaron que, debido a liquidacións de anos atrás , se compensaría.

Don Nicolás José Cubeiro pregunta pola transferencia negativa de axudas a comedores escolares.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes contesta que se cubriron todas as axudas solicitadas, só houbo catro ou cinco que non presentaron a documentación adecuada. Tíñase presupuestado para os comedores de Sigrás e Graxal II, dado que se tiña pensado que se abrirían, e ao encargarse a Xunta xa non hai necesidade.

Don Nicolás José Cubeiro pregunta polo incremento na partida de publicidade e propaganda.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que é para os paneis informativos que pediu algún grupo político. O presupostado é unha estimación aproximada do gasto para non quedarse curtos. O gasto máis importante é o dos paneis.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o rogo que no seu día formulou o seu grupo, referíase á colocación de taboleiros de anuncios nas parroquias como os que xa hai instalados, non ao tipo de paneis informativos que di o concelleiro, e incluso aclararon este tema no pleno seguinte a aquel no que formularon o rogo, como consta na correspondente acta e, reitera, o que o seu grupo solicita é que se poñan este tipo de taboleiros informativos similares aos xa existentes en distintas parroquias.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta pola transferencia positiva de 50.000€ para mobiliario e equipamento.

Don José Venancio Salcines contesta que con esta cantidade, o que se intenta é estimar canto fará falta de aquí a final de ano, e a intención é comprar mobiliario para os grupos políticos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que se isto ten que expoñerse ao público, entre que o envían ao BOP, se publica, e se se presentan alegacións, tería que volver o asunto ao pleno, polo que lle parece que esta modificación de créditos entraría en vigor en torno ao 27 ou 29 de decembro, e non sabe como vai dar tempo a sacar adiante os procedementos de contratación, aínda que sexan negociados. Se é así, presentar este expediente non ten funcionalidade ningunha, agás que haxa algo que non estea aquí na proposta. Conclúe que non ten sentido facer a modificación de créditos a estas alturas pois non vai estar vixente ata o exercicio seguinte, polo que a finalidade que ten é que o orzamento prorrogado figure feito a medida. Estes expedientes son habituales nas administracións, pero en novembro parece inviable, ademais, engade,

para poder entrar a valorar se merece ser aprobado, tería que vir detallado a que se destinan todos e cada un dos euros, para poder dar o voto favorable. Recomendalles que no prazo máis inmediato posible, como moito en dúas semanas, traian o orzamento, a ser posible negocialo, e poder empezar o ano cun orzamento consensuado.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que lle parece increíble que o voceiro do BNG lle pareza increíble o que no pasado lle parecía crible. Lémbrale que na Conta Xeral pechada hai uns días había reparos en temas relativos a concellerías vinculadas á Área do BNG, e era crible.

Conclúe dicindo que todos entenden que é lóxico que se chegue á necesidade de facer un expediente de modificación de créditos porque este concello está en movemento, e hai que dar cobertura ao gasto cunha transferencia. O obxecto da súa concellería é que no mes de xaneiro se aproben os orzamentos municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que lle parecen estupendos estes argumentos, e invítao a que mire partida por partida o que se fixo nas áreas que levou o BNG, non hai problema ningún, pero se non quere falar dos prazos, de en que se van gastar eses diñeiros, o tema da publicidade, os paneis, etc., deberían traer os orzamentos do 2008 que, se lles convencen, contarán co apoio do seu grupo.

O Sr. alcalde dá por concluído o debate e manifesta que os compañeiros estarán informados en todo momento de en que se van investir estes diñeiros.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PSdeG-PSOE, tres votos en contra correspondentes aos concelleiros do PP, BNG e GM (PG), e a abstención do concelleiro de EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, formula a seguinte proposta ao Pleno da corporación:

Rexeitar a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 20 de novembro actual, respecto da tramitación do expediente de transferencia de créditos n.º 11/2007, por un importe total de 230.000,00 €

3º Proposta de apoio á declaración da Torre de Hércules como ben do patrimonio mundial

Dada conta da proposta conxunta de todos os grupos políticos municipais que compoñen a corporación, de data 23 de novembro de 2007, e que se transcribe literalmente a continuación:

“A Torre de Hércules, o único faro romano que segue en funcionamento no mundo é un sinal de identidade, non só da cidade da Coruña, senón de toda a provincia e de Galicia.

Os méritos arquitectónicos, históricos e medio ambientais do monumento e o seu contorno foron recoñecidos pola Comisión do Patrimonio Histórico, que recentemente decidiu que fose o representante de España na lista indicativa de Bens do Patrimonio Mundial no ano 2008.

É de interese para o noso Concello que se lle outorgue á Torre de Hércules esa consideración, polo que tal recoñecemento vai supor para o desenvolvemento do turismo cultural cara á nosa provincia. E por iso que, de forma conxunta por todos os grupos políticos municipais, proponse ao pleno municipal a adopción dos seguintes ACORDOS:

1º Amosar a satisfacción da Corporación coa designación, pola Comisión do Patrimonio Histórico Español, da Torre de Hércules como candidata para ser incluída na Lista de Bens do Patrimonio Mundial.

2º Apoiar a candidatura da Torre de Hércules ante o Centro do Patrimonio Mundial da UNESCO, tendo en conta os valores históricos e artísticos do monumento, e o seu significado como un dos máis relevantes e representativos da provincia da Coruña.

3º Trasladar este acordo ao Concello da Coruña para que o inclúa no expediente de apoio á candidatura.”

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a proposta, tal e como foi transcrita.

4º Proposta de modificación horaria na dedicación parcial do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 22 de novembro de 2007.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, pregunta cal vai ser o horario de atención ao público.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que polas tardes, cando o soliciten os veciños, e á parte do horario que figura na proposta, tamén está na casa do concello todos os luns e martes de 13:00 a 14:00 horas.

Don Nicolás José Cubeiro pregunta se van vir funcionarios dentro dese horario, e cantos se necesitan.

Don Jaime Manuel López contesta que, agás que haxa algo especial, normalmente non deben vir funcionarios.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, expón que, dado que o seu grupo votou en contra da proposta de réxime de dedicacións, agora manterá o mesmo voto, pero manifesta a don Jaime a súa satisfacción porque faga esta proposta, pois nalgúns casos non se tería o detalle de comunicalo ao pleno, polo que lle agradecen o seu xesto de presentar a solicitude.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol do concelleiro do PSdeG-PSOE, dous votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG e EU-IU, e dúas abstencións correspondentes ao concelleiro do PP e ao do GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Aceptar a solicitude de modificación horaria na dedicación parcial do concelleiro delegado da Área de Educación, Xuventude e Deportes, don Jaime Manuel López Lisnier, mantendo a dedicación mínima de 20 horas semanais, coa seguinte distribución horaria:

- Luns: de 19.00 a 21.00 horas
- Martes a venres: de 17.00 a 21.30 horas

5º Proposta para iniciar os trámites de aprobación do escudo e bandeira municipais do Concello de Cambre

Dada conta da proposta do concelleiro delegado da Área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 8 de novembro de 2007.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, do PP, pregunta se se trata de oficializar o escudo que xa existe ou se vai facer un novo.

O Sr. alcalde contesta que a idea é deixar o que se ten, pero como non hai ningún recoñecido, trataríase de aprobalo.

A Comisión, en votación ordinaria, e por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Solicitar da Comisión de Heráldica a incoación de expediente para elaborar as propostas de aprobación do escudo heráldico e bandeira municipais do Concello de Cambre, isto a teor do establecido no art. 260.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

6º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 13 362 o 24 de novembro actual.

1º O grupo municipal popular solicita ao equipo de goberno que lle informe sobre que atribucións do pleno hai delegadas no alcalde.

O Sr. alcalde contesta que ningunha.

Rogos do BNG presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 13 360 o 24 de novembro actual.

1º En moitas ocasións o goberno local non resposta a algún rogo ou pregunta dos grupos municipais. Nestes casos a resposta dada por escrito ao grupo municipal que a formula non se inclúe na acta da sesión e queda, polo tanto, oculta para o resto dos grupos da corporación. Consideramos que todos os grupos municipais deben coñecer a resposta, polo que rogamos que de aquí en diante se distribúan tamén a todos os grupos municipais as respostas escritas non contestadas nas sesións nas que se formulan.

O Sr. alcalde contesta que se acepta.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 13 337 o 24 de novembro actual.

1º Ante a escaseza de patrimonio inmobiliario, terreos e edificios de propiedade municipal, e tratando de coñecer a súa situación, existencia e número deles:

- O noso grupo solicita que se nos informe do número de edificios, locais e soares, de propiedade municipal, existentes no concello.

- Propiedades fóra do termo municipal de Cambre, se as houbera.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que está sen realizar o inventario municipal, non obstante, envioulle unha documentación onde, aínda que non se reflicte de modo concreto o patrimonio, si se reflicte o número de fontes e lavadeiros. E en canto a edificios municipais, recentemente sacouse unha praza de técnico para Patrimonio e hai unha persoa que está traballando neste tema, polo que agardan que nun ano estea o inventario aprobado.

Don Luis Miguel Taibo pregunta quen é esa persoa que está co traballo.

Don José Venancio Salcines contesta que se chama Ángeles, é técnico de xestión e está en Secretaría. Cando estea feita a relación que se pide enviarállela por escrito a todos.

Non se formulan preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede do borrador da acta da sesión de data 23 de outubro de 2007

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 23 de outubro de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

2º Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2008

Vista a circular procedente da Excma. Deputación provincial da Coruña, rexistrada de entrada ao n.º 10 132 o día 13 de setembro de 2007, respecto da elaboración do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS 2008.

Vista a memoria do enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal de data 22 de novembro actual.

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 23 de novembro do ano que andamos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, expón que se poderían propoñer cantidade de obras necesarias e demandadas polos veciños, e pregunta por que se escolleron estas obras e se deixaron outras, dado que hai temas importantes de seguridade viaria. Outra cuestión tamén é que as obras propostas, ao non verse nos planos de infraestruturas xerais, non saben como están entroncadas, e unha terceira cuestión é que botan en falta un informe do departamento de Urbanismo. Ademais, no documento Anexo remitido pola Deputación, correspondente á certificación do pleno, nunha das alíneas hai que declarar que o concello dispón dos terreos, e ese documento non está.

Concedida a palabra ao enxeñeiro de camiños municipal contesta que, tecnicamente, á concellería se lle propoñen varias obras pero a proposta definitiva non a fan os técnicos. En todas as obras que propuxeron para o POS se conta coa dispoñibilidade dos terreos, pois el propón obras nas que non hai problema ningún para non perder a subvención.

Coas obras propostas inténtase completar a rede de saneamento que se executou nestes dous últimos anos pola Xunta de Galicia, e aínda que no plano é verdade que non aparece a conexión, a obra ten que ser completa. Conectarase ao colector norte.

En canto á obra de saneamento e abastecemento, é para complementar a obra dos colectores secundarios que fixo a Xunta, e renóvase o firme dalgunhas pistas.

Respecto da obra que se inclúe no Plan complementario, é un saneamento e un treito de abastecemento que está en mal estado, e aproveitase para repoñer o firme.

En canto ao informe urbanístico, pediuse, aínda que non sabe se o facilitaron.

O Sr. alcalde engade que se escolleron estas obras con base en que todas son necesarias, trátase de pechar redes de sumidoiros. Son demandas que hai dende sempre, e enténdese que son idóneas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pregunta cal é a cualificación do solo.

O Sr. enxeñeiro contesta que é todo núcleo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta, como suxestión, que é lexítimo destinar o gasto municipal a estes ou a outros proxectos, pero un goberno en minoría debería consensuar as obras que se propoñen. Xa en setembro, nunha moción que houbo sobre beirarrúas se podería ter tratado ou intentado consensuar con todos os grupos municipais, cales serían as obras prioritarias. Conclúe dicindo que o seu grupo se abstén, e no pleno decidirán.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que se poderían ter proposto outros proxectos, e agarda que para o estudo do orzamento do vindeiro exercicio, o goberno conte coa oposición. Non obstante, estes proxectos son demandados polos veciños, polo que os van apoiar.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que non puido ver os proxectos, veraos e manifestarase no pleno.

A Comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes ao concelleiro do PSdeG-PSOE e ao concelleiro de EU-IU, e dúas abstencións correspondentes aos concelleiros do PP e do BNG, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar o Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2008 no que se recollen os investimentos que o concello ten previsto realizar no POS 2008, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

Denominación da obra	Estado+Deputación	Concello	Orzamento
Saneamento en Pombo-Cobelo-Fabás (Pravio) Cambre	240.796,60	19.201,03	259.997,63
Saneamento e abastecemento en San Paio e renovación de firme en San Paio, Pousadoira e outros	125.029,18	9.969,78	134.998,96
Totais:	365.825,78	29.170,81	394.996,59

Segundo: Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2008 e que se relacionan no punto anterior.

Terceiro: Aprobar o Plan complementario do ano 2008 no que se inclúe a obra que a continuación se indica:

Denominación da obra	Orzamento
Renovación rede de abastecemento, saneamento e reposición firme en Meixigo. Cambre 2008	142.994,07 euros

Cuarto: Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Quinto: Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do ano 2008 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2008.

Sexto: Solicitar á excma. Deputación provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.

Sétimo: Facultar expresamente ao Sr. alcalde-presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

3º Proposta de designación dunha praza co nome do Doctor Enrique Piñeiro Rodríguez

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 16 de novembro de 2007.

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditaminou favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Dar de alta no roteiro a praza Doutor Enrique Piñeiro Rodríguez dentro da entidade colectiva Santa María de Cambre, correspondente ao distrito primeiro sección quinta.

Segundo: Comunicar a citada variación do roteiro ás administracións interesadas.

4º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 13 362 o 24 de novembro actual.

1º O grupo municipal popular solicita ao equipo de goberno, a reparación do firme da calzada no lugar do Vilar (n.º 12 a 16), na parroquia de Bribes, que se atopa nun lamentable estado, e polo cal, os veciños presentaron varios escritos neste sentido.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira delegada de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que o camiño é privado, e non hai cesións dos terreos por parte dos veciños ao concello, polo que non se vai asfaltar.

2º O grupo municipal popular roga ao equipo de goberno que lle informe de cal é o motivo da paralización das boras do cruzamento de Catro Camiños de Pravio, e da senda peonil do mesmo lugar.

O Sr. alcalde contesta que houbo algúns problemas, entre eles a autorización de Fenosa e Telefónica. Fenosa por uns postes, que se tiña solicitado o cambio de tres, pero ao final eran cinco e pediron que se fixese un só expediente. Tiveron unha reunión e cre que o asunto está desbloqueado.

En canto a Telefónica, xurdiu o problema de que había unha arqueta da que non se tiña coñecemento, hai que facer un baypass, polo que hai que solicitar a correspondente autorización.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín engade que, en canto á senda, meteuse o treito de saneamento por parte da Xunta e tamén está o tema da última casa, co problema do peche.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 13 337 o día 23 de novembro actual.

1º As fontes e lavadoiros do noso concello, forman parte do noso patrimonio. Tendo en conta o estado de deterioración na que se atopan moitos destes elementos:

- Pregamos que se elabore un Plan de recuperación e rehabilitación das fontes e lavadoiros, establecendo unha prioridade nas actuacións das obras de reforma que se leven a cabo, en función das necesidades ou do seu estado de deterioración.

- Se nos facilite un catálogo actualizado de todas as infraestruturas destas características.

Xa foi contestado por escrito, non obstante, don José Venancio Salcines Cristal engade que están traballando nesa liña. Limpáron de maleza un lavadoiro en Pravio, e están traballando agora en Cecebre. Pensan seguir coas reparacións, pero haberá que velo para incluílo nos orzamentos municipais.

2º A poda das árbores e un dos procedementos de mantemento máis comúns para eliminar ramas mortas, enfermas ou infectadas, mellorando así a estrutura das árbores e manter a seguridade das persoas e dos seus bens.

- O noso grupo prega que se realice unha poda selectiva nas árbores da estrada da Estación mediante asesoramento de expertos, permitindo un desenvolvemento harmónico e saudable para as árbores e prever posibles accidentes, tanto nas vivendas como para a circulación.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que lle compete á Deputación. Hai un estudo feito. Remítirase a petición á Deputación.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que na estrada da Estación hai outros casos, e diante da igrexa, polo que pide ao concello que contacte coa Deputación para que corrixa estas anomalías.

3º A zona que discorre entre As Pereiras e a Estorrentada resulta altamente perigosa por carecer de beirarrúas e de sinais de precaución para o tráfico rodado.

- Pregamos que se leve a cabo a dotación de sinais de precaución, así como dos elementos tecnicamente para minorar o risco de accidentes.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que llo pasará á policía para informe.

Neste momento don Nicolás José Cubeiro, do PP, pide que se lles facilite o estudo feito sobre as árbores a que aludiu no anterior rogo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que llo pasará.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 13 360 o 24 de novembro actual.

1ª A Xunta de Galiza creou a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galiza e fixo un chamamento para que os concellos solicitaran a súa inclusión.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignen estes estatutos.

Dada a especial situación de Cambre, coa gran cantidade de expedientes de disciplina abertos, a maior porcentaxe abertos de oficio e a cantidade excesiva de casos prescritos ao non ser rigorosos no seu seguimento, cos prexuízos que iso leva consigo (de carácter económico e de inxustiza manifesta con quen si cumpre coa legalidade), semella aconsellar incluírse nun organismo que garantiría o cumprimento da legalidade e amosaría o interese do Goberno Local no trato igualitario para todos respecto da legalidade urbanística. Contribuiría, ademais, a eliminar presión sobre a nosa administración local por parte dos infractores

- Solicitou o Goberno Local a súa inclusión na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística?

- De non telo feito, ten previsto solicitalo?

O Sr. alcalde contesta que lle dará o informe, a intención é solicitalo.

2ª Seguridade no paso do río Mero.

- Que control se está a facer sobre os usos indebidos do paseo fluvial do Mero?

- Hai algún expediente sancionador aberto polo uso de vehículos a motor no seu percorrido?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o concello non ten competencia, é de Augas de Galicia, aínda que, pola súa parte, non ten coñecemento de que haxa expedientes sancionadores abertos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que comprende a resposta, pero cre que deberían ter un pouco máis de celo en coidar ese espazo, dado que circulan quads, motos, etc., poñendo en perigo as persoas que pasean por alí. Podería actuar a Policía, e se non é competente, pois que trasladen o problema que se presenta ao Seprona ou á Garda Civil. Tamén podería expoñelo os veciños, ou a oposición, etc., pero consideran que quen ten a responsabilidade é o concello, e habería que facelo, porque se non vaise deteriorar a senda antes de que se chegue a un acordo.

Don Nicolás José Cubeiro engade que non hai ningún tipo de sinal que prohiba o paso deses vehículos.

O Sr. alcalde contesta que estes temas están contemplados no proxecto que está elaborando a Confederación Hidrográfica, e vaise comprar unha moto ou algún vehículo destinado a vixilancia. Non obstante, están pendentes do proxecto que, segundo lles manifestaron, vaise presentar a primeiros de ano.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que a policía debe cumprir coa súa obriga de que se respecten as normas, igual que vixían e sancionan nas estradas da comunidade autónoma ou da deputación.

Don Nicolás José Cubeiro, do PP, engade que se poderían poñer unhas pequenas recomendacións nos accesos.

3^a Silencio do AVE.

O goberno local pode explicar as causas do silencio por parte da administración central e galega? Que tipos de accións teñen pensado para rachar con este silencio sobre un tema de primordial transcendencia para os veciños e veciñas de Cambre?

O Sr. alcalde contesta que en Madrid non fixeron o correspondente estudo. De momento non hai nada presentado. Dixeron que lles ían recibir neste mes, e agora dixeron que en decembro, pero non se fixo ningún traballo. Están á espera.

4^a Logo da invitación do alcalde ao deputado do BNG, Francisco Rodríguez, a ter unha reunión cos voceiros municipais e cos representantes da Asociación de afectados polo trazado do AVE, que tivo lugar o pasado 23 deste mes,

Vai, o alcalde, a convidar a representantes no Congreso ou Senado dos partidos maioritarios (PSOE e PP), a visitar o noso Concello e manter un encontro similar cos grupos municipais cos afectados?

O Sr. alcalde contesta que si.

Don Luis Miguel Taibo, de EU-IU, engade que hai uns 20 días comunicouse á plataforma que para o mes de xaneiro viría a deputada Isabel Navarro. Oxalá viñeran todos.

Don José Antonio Baamonde, do PP, manifesta que o seu grupo se brinda para invitar os do PP, pero dille a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo que quere saber a súa postura ao respecto, se está de acordo o BNG en que exista un treito de AVE Uxes-Ferrol e en canto ao trazado do AVE por Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o deputado Francisco Rodríguez xa explicou o tema. Dixo que non era un AVE, que quería esa conexión coas paradas xa expostas, e respecto do treito Betanzos-Coruña, era un pacto entre o ministro Álvarez Cascos, o ex-alcalde da Coruña e o anterior conselleiro.

5ª Vertidos incontrolados.

Que medidas ten adoptado o goberno local para a eliminación dos depósitos ilegais de vertidos en diversas zonas do concello?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que é complicado de detectar no momento. O que se fai é que, unha vez que se detectan, a brigada de obras os recolle e os levan ao punto limpo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o preguntan porque algúns casos son históricos, como no Rocón, en Socampo, no contorno do parque das Gamelas en Anceis. Hai sitios onde se a policía vai e toma nota, e despois informa á concellería, xa se arranxaría, pois algúns depósitos ilegais xa forman parte do patrimonio.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 13 337 o 23 de novembro actual.

1ª Ante a falta de información referente á moción presentada polo noso grupo municipal no pleno ordinario do mes de xullo, relativa á construción dun apeadeiro de Renfe nas inmediacións da urbanización da Barcala.

- Que xestións ten realizadas o goberno municipal no referente á devandita moción?

O Sr. alcalde contesta que se mandou o acordo a Renfe, e é un dos temas que queren tratar co ministro e cos deputados que veñan aquí.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide que se lle facilite unha copia do enviado.

2ª Co fin de incrementar a seguridade nas infraestruturas ferroviarias o concello anunciou a eliminación dos pasos a nivel sen barreiras existentes no noso termo municipal.

- Pode informarnos o goberno do estado actual do proxecto?

O Sr. alcalde contesta que trouxeron un borrador onde consta que queren eliminar o paso do Noceiro e cambiar o que vai polo Canal ata Cecebre. Agardan que manden o proxecto e que digan cando se van executar.

3ª O servizo de transporte de ferrocarril entre o noso concello e a capital municipal, ven demostrar que os veciños/-as utilizan o transporte público cando este ten unha mínima racionalidade e atende as necesidades reais. No caso da liña citada, moitos veciños/-as observan deficiencias nas frecuencias de horarios e tamén nos lugares onde ten que realizar paradas.

- Cales son as frecuencias de horarios establecidos, no servizo de tren de cercanías subvencionado pola Xunta de Galicia, e as paradas a realizar no noso concello?

O Sr. alcalde contesta que se falou deste tema. Cre que hai que dar a razón ao deputado, que hai que facer unha campaña importante para que a xente use máis o tren. Hai demandas importantes, e ao mellor habería que compaxinar cos horarios da universidade, etc., pero cre que o que hai que facer, entre todos, é unha política para que a xente use o transporte.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que, segundo o informe dos veciños, non hai un control das frecuencias de trens como debería haber. Algunhas veces vai un tren detrás doutro.

4ª En moitos lugares do concello, fíxose unha reorganización no sentido da circulación viaria.

- Que ancho considera o goberno para que unha rúa sexa considerada de dobre dirección para a circulación de vehículos?

O Sr. alcalde contesta que, como mínimo, o que hai agora nas estradas está entre cinco ou seis metros, aínda que o normal é que foran sete metros. O bo é que fosen tres metros e medio por carril.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión de data 23 de outubro de 2007

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 23 de outubro de 2007.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, solicita que na páxina 42 se modifique a alínea cuarta segundo se transcribe a continuación:

“Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo solicita que sexa retirado o punto da orde do día, e considera unha falta de respecto que ningún membro do equipo de goberno poida defendelo”.

Non se formulan máis observacións, polo que a Comisión, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a acta de referencia, coas modificacións propostas por don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos por escrito.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 13 360 o 24 de novembro actual.

1ª Deterioración da igrexa de Cambre.

Tomouse algunha iniciativa desde o goberno local para evitar o empeoramento do tellado da igrexa de Cambre?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que, aínda que non é patrimonio municipal, pois pertence ao Arcebispado de Santiago, había unha subvención nun convenio Igrexa-Consellería de Cultura, de 90.000 € para arranxar o tellado. Falaron con Patrimonio e dixeron que xurdiu un problema no proxecto pero que a principios do 2008 se iniciarán as obras.

2ª Ambulancia.

Por que non se fixo aínda a reserva de aparcamento da ambulancia de Cambre?

O Sr. alcalde contesta que o falou co doctor Louro, o coordinador, e parécelle ben como está. Engade que están pendentes de fixar unha data para poñer o nome de María Fraga ao centro de saúde.

3ª Centro de día.

Cando se vai asinar o convenio coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia para a construción dun centro de día?

Dona Carmen Tato Lago contesta que con data 20 de xullo solicitouse unha subvención á Deputación para construír un centro de día no Graxal, por importe de 323.922,20 €. A subvención solicitada é de 243.922,20 € e no orzamento municipal hai unha partida de 80.000 €

Tamén se solicitou no ano 2007, a través do Plan concertado (Vicepresidencia), unha subvención por importe de 450.000 €

Tanto dunha solicitude como da outra, non se recibiu contestación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, contesta que eses datos xa os coñecía. Sabía que con Vicepresidencia, había que achegar a dispoñibilidade dos terreos e o proxecto feito.

Dona Carmen Tato responde que o proxecto está feito e presentado.

O Sr. alcalde engade que cando se inaugurou a gardería, a secretaria xeral dixo que era bo ver o terreo, polo que encargou un plano topográfico, e ao mellor fan eles o proxecto. Farase na rúa Estanque e falouse de facer un edificio en planta baixa por unha rúa e en planta alta pola outra. Conclúe dicindo que se enviará á delegada os planos feitos polo concello.

4ª Locais de ensaio.

Hai algunha novidade tocante ás xestións coa Dirección Xeral de Xuventude para a construción dos locais de ensaio para músicos para grupos xuvenís?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que estiveron mirando as localizacións. Hai dous seleccionados na Barcala, aínda que hai que dividilos. Postos en contacto coa Dirección Xeral, déronse evasivas. Mandaranlles os planos e conclúe dicindo que lle parece que a subvención será de 60.000 a 100.000 €

5ª Ordenanza reguladora da atención domiciliaria e outras prestacións de Servizos Sociais.

Despois da estraña retirada da proposta de reforma da ordenanza do pasado pleno de outubro, ao non ser capaz ningún membro do goberno de levar a cabo a súa defensa e explicación, observamos que tampouco está incluída na orde do día do pleno de novembro.

Cal é a razón desta non inclusión?

Dona Carmen Tato Lago contesta que se traerá de novo ao pleno cando o considere o equipo de goberno. Estase traballando cunha ordenanza que foi elaborada no seu momento e cando estea concluída, se traerá.

Don Henrique Xabier Iglesias contesta que lle está preguntando pola proposta de ordenanza que asinou a concelleira e unha técnico do seu departamento, que veu ao pleno o pasado mes, e que se retirou porque ninguén foi capaz de defendela.

Dona Carmen Tato responde que non a trouxeron porque non o consideraron.

En canto á pregunta presentada por EU-IU respecto do centro de día na parroquia do Temple, dáse por contestada.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

José Venancio Salcines Cristal

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia